

Convocatoria da “MARCHA por uns Servizos Sociais 100% Públicos, Universais e de Calidade”

**24 de xuño,
Santiago de Compostela,
ás 12:00 horas.**

***Saída: na Alameda
Fin: na Praza do Obradoiro***

Convocan:

TReGA (Traballadoras das Residencias Galegas)
MODEPÉN (Movemento Galego en Defensa das Pensións Públicas)
ASOCIACIÓNS DE FAMILIARES de Ingresados nas Residencias

- **Obxectivos da Marcha:** contribuír a que a problemática dos servizos sociais para os maiores sexa un elemento central da campaña electoral. Situar en primeiro plano, governe quen governe, o obxectivo de construír uns servizos sociais 100% públicos, para maiores e dependentes, denunciar a brutal privatización do sector da dependencia, e contribuír a que o exceso de mortes nas residencias non quede impune.
- Están invitadas a participar na “Marcha”, todas as persoas que estean de acordo cos obxectivos arriba sinalados, independentemente de a quen voten, así como todas as organizacións sociais, sindicais, veciñais, políticas, profesionais, ... que tamén apoien eses obxectivos.
- A Marcha terá unha especial preocupación pola **seguridade en tempos de COVID**. Así, os participantes
 - Manterán a distancia de seguridade de 2 metros
 - Usarán máscaras de protección respiratoria.
 - Seguirán en todo momento as instrucións do servizo de orde, que usará chaleques identificativos e terá dispoñíbel produtos de base alcohólica para hixiene de mans
- Haberá **varias COMITIVAS sucesivas**, que partirán de Puntos de Saída específicos, e se organizarán cada unha coas súas propias faixas e símbolos identificativos, e cun servizo de orde propio.
 - A Comitiva Inicial estará formada polas organizacións que convocan a Marcha: familiares de usuarios das residencias, traballadoras das mesmas, e pensionistas; tres colectivos sociais caracterizadas por non estar vinculadas a ningún partido político e por non presentarse as eleccións.
 - Logo, cada organización que explicitamente apoie a Marcha (ou grupos de organizacións que así o decidan) organizará a súa propia comitiva, que partirá dun Punto de Saída decidido de antemán. Cada comitiva levará os seus propios símbolos identificativos.
 - As organizacións que apoien as marchas, asumen o compromiso de mobilizar as súas bases sociais para que acudan á Marcha, así como de que participen nela os seus principais responsábeis, incluído o seu candidato/a á Presidencia da Xunta, no caso de que sexan organizacións políticas que se presenten ás eleccións autonómicas.

- A MARCHA estará encabezada por **1 pancarta, sen siglas** e co slogan central da MARCHA “Servizos Sociais para os Maiores 100% Públicos, Universais e de Calidade”, que portarán persoas das tres organizacións convocantes.
- A Marcha sairá da zona da Alameda e progresivamente fará o seguinte percorrido: Rúa da Senra, Praza de Galicia, Rúa Doutor Teixeiro, Rúa República do Salvador, Rúa do Hórreo, Orfas, Rúa Nova, Rúa de Xelmírez, Praza de Praterías, Rúa de Fonseca, e rematará na Praza do Obradoiro.
- Para evitar aglomeracións no momento da saída da Marcha, aspecto importante en tempos de COVID, haberá **até 7 Puntos de Saída posíbeis das diferentes comitivas** que decidan participar na Marcha: 1) a Comitiva Inicial partirá do corredor central da Alameda até uns 20 metros detrás da escultura das Mariás; 2) a Comitiva Nº 2 partirá do corredor da Alameda situado inmediatamente diante do palco da música da alameda; 3) a Comitiva Nº 3 partirá do corredor central da alameda; 4) a Comitiva Nº 4 partirá do corredor da alameda próximo á Avenida Xoán Carlos I; 5) a Comitiva Nº 5 partirá de diante da rúa San Clemente (do Instituto Rosalía de Castro); 6) a Comitiva Nº 6 partirá do lateral da alameda paralelo a rúa do Pombal; 7) a Comitiva Nº 7 partirá da Avenida de Figueroa e da Avenida Rodrigo del Padrón; ...
- A orde no que marcharán as diversas comitivas, despois da inicial, será en principio alfabético, e será concretado de antemán entre as organizacións convocantes e as que apoien explicitamente á Marcha.
- O acto de Peche da Marcha, se realizará desde un Palco dotado de megafonía, situado diante do Pazo de Raxoi. Posibelmente haberá algunha actuación musical, e terá como elemento central 3 intervencións que realizarán as tres persoas seguintes:
 - Maribel Barreiro Taboada, de TReGA
 - Xabier Pérez Davila, do MODEPÉN
 - Xosé Bermúdez Solla, portavoz da Asociación de Familiares de Usuarios de Residencias “Vellez Digna” do Morrazo.
- Diante do Palco, a 5 metros de distancia, se reservará un espazo delimitado por unha cinta de cores, dentro do que se situarán 1 faixa por cada unha das organizacións que convocan a Marcha e tamén 1 por cada unha das organizacións que a apoien. A carón de cada unha desas faixas se situarán, se así o desexan, 3-4 persoas representativas de cada organización.
- Ás organizacións que dean o seu apoio á marcha, concordarán coas organizacións convocantes os detalles técnicos da organización da marcha (Puntos de Saída, coordinación dos servizos de orde, ...).
- O apoio explícito á Marcha das organizacións que decidan facelo, farase público por primeira vez nunha Rolda de Prensa que, as organizacións convocantes (TReGa, MODEPÉN, e Asociacións de Familiares), celebrarán na mañá do Xoves día 18. Nesa Rolda de Prensa, informarase de que se vai celebrar á Marcha, das súas características, e se fará pública a relación de organizacións que apoian a Marcha, así como o compromiso que asumen de estaren nela os seus principais responsábeis, incluído o seu candidato/a á Presidencia da Xunta no caso de que se presenten ás eleccións autonómicas.
- Con posterioridade a Rolda Prensa da que se fala no punto anterior, as diversas organizacións que apoian a Marcha farán públicas, se o desexan, as súas propias comunicacións, informando e publicitando a convocatoria da Marcha e do seu obxectivo principal “Servizos sociais para os maiores e dependentes, 100% públicos, universais e de calidade”.
- A 18/06/2020, **teñen confirmado o seu apoio á Marcha do día 24**, as seguintes organizacións: Anticapitalistas Galiza, BNG, CUT, Galicia en Común (Esquerda Unida, Podemos, Anova-Mareas), Marea Galeguista, e PSdeG-PSOE

CONTACTOS:

TReGA: Sonia JALDA CORES.
610327938

MODEPEN: Fco. VÁZQUEZ VIZOSO
616493971

VELLEZ DIGNA: Xosé BERNANDEZ SOLLA
619955224